

LICEO FRANCISCANO
Núm 220 (Enero-Junio 2023), pp. 107-132
ISSN 0211-4011
e-ISSN 2530-917X
D.L. C755-2003

Teología y Espiritualidad

"PARA QUE TEÑAN VIDA": A REGLA BULADA DE SAN FRANCISCO

→ Martín Carbajo Núñez*

* Pontificia Università Antonianum
ISTM, Alfonsianum
FST - University of San Diego (USA)
mcarbajo@sandiego.edu

"PARA QUE TEÑAN VIDA" A REGRA BULADA DE SAN FRANCISCO

RESUMEN:

Este artículo responde a la celebración del octavo centenario de la Regla bulada de San Francisco (29.11.1223), que es una de las cuatro grandes Reglas de la vida consagrada, y analiza su fuerza inspiradora en la actual sociedad secularizada. No es sólo un texto jurídico, sino también un documento espiritual, una guía "para vivir según la forma del santo evangelio" (1ª parte). Quienes detentan la autoridad tienen que estar al servicio de ese proceso vital que la Regla propone, actuando como madres que cuidan la vida (2ª parte). La tercera parte presenta su actualidad y la importancia de un liderazgo inspirador que promueva procesos de transformación para afrontar los desafíos de la vida consagrada.

Palabras clave: Francisco de Asís, Franciscanos, Regla bulada, Vida consagrada, Liderazgo

ABSTRACT:

This article is intended as a contribution to the celebration of the eighth centenary of the Later Rule of St. Francis (Nov. 29, 1223), which is one of the four great Rules of consecrated life, and analyzes its inspirational force in our secularized society. It is not only a juridical text, but also a spiritual document, a guide "to live according to the pattern of the Holy Gospel" (part 1). Those in authority must be at the service of this vital process, acting as mothers who take care of life (part 2). The third part presents the Rule's current relevance and the need of an inspiring leadership that promotes processes of transformation to address the present challenges of religious life.

Keywords: Francis of Assisi, Franciscans, Later Rule, Religious Life, Leadership.

Recibido/Received: 24/04/2023

Aceptado/Accepted: 08/05/2023

Este artigo responde á celebración do oitavo centenario da Regra bulada de San Francisco (29.11.1223) e analiza a súa forza inspiradora na actual sociedade secularizada. Trátase dunha das catro grandes Regras da vida relixiosa, xunto coa de San Basilio (eremítica), San Agustín (canonical) e San Benito (monástica). A bula *Solet annuere*, coa cal o Papa Honorio III a confirma e dentro da cal está incluída, é un formulario simple, esteriotípico¹, usado noutras ocasións². Isto pode ser debido a que Honorio III se limita a confirmar a Regra³ que Inocencio III aprobara oralmente⁴ o 16.04.1209; ou sexa, dá seu "visto e praxe" a "unha aprobación anterior"⁵. O Papa evitou así a prohibición de fundar novas Ordes relixiosas, que o Concilio Laterano IV emanara en 1215, e mostrou a continuidade entre as diversas redaccións da Regra⁶.

¹ A Orde dominica adoptou a Regra de San Agostiño e foi confirmada coa bula "*Religiosam vitam*" (22.12.1216), que, ademais do Papa, asinaron 19 cardeais. Cf. Boni Andrea, *La novitas franciscana nel suo essere en el suo divenire* (cc. 578/631), Antonianum, Roma 1998, 224-225. Versión en lingua inglesa deste artigo: *Carthaginensia* 76 (2024) Faremos nós a tradución ao galego de todos os textos do maxisterio eclesiástico e das fontes franciscanas

² Ese mesmo formulario será usado para aprobar a "*Forma vitae*" de Santa Clara. Antes xa fora usado, por exemplo, para conceder algúns privilexios aos Cistercienses. ESSER KAJETAN, *La Orden franciscana, orígenes e ideales*, ARANTZAZU, Oñate 1976, 144-145; URIBE Fernando, *La Regla de San Francisco. Letra y Espiritu*, Espigas, Murcia 2006, 28, nota 44.

³ "Ordinis vestri regulam, a bone memorie Innocentio papa predecessore nostro approbatam, annotatan presentibus, auctoritate vobis apostolica confirmamus". Papa Onorio III, «*Solet annuere*. Bula» (29.11.1223).

⁴ FRANCISCO DE ASÍS, «Testamento», [Test], 14-16, en RODRÍGUEZ HERRERA Isidoro - ORTEGA CARMONA Alfonso, *Los escritos de San Francisco de Asís*, [RgzHerrera], Espigas, Murcia 22003, 635-684. Inocencio III apróbaa, aínda que lle parece "sobradamente rigorosa e austera". «Lenda dos tres compañeiros» [3Comp], n. 49, en GUERRA José Antonio (ed.), *San Francisco de Asís. Escritos, biografías, documentos de la época*, BAC, Madrid 22013 (4ª imp.). [Guerra] 537-578; cf. TOMÁS DE CELANO, «*Vida primeira*» [1Cel], 33 (*Guerra* 135-228); BARTOLI LANGELI Attilio, «*La Solet annuere come documento*», en MARANESI Pietro – Accrocca Felice (ed.), *La regola di frate Francesco. Eredità e sfida*, Ed. Francescane, Padova 2012, 57-94.

⁵ DESBONNETS Théophile, *De la intuición a la institución. Los franciscanos*, Ed. Franciscanas, Arantzazu 1991, 129.

⁶ "Firmiter prohibemus ne quis de cætero novam religionem inveniat". Concilio Laterano IV, c. 13: *Ne nimia religionum diversitas*, (1215).

A intención de Francisco ao escribir a Regra podería expresarse coa frase bíblica: “Eu vin para que teñan vida e para que a teñan de abondo” (Xo 10,10). Efectivamente, Francisco escríbea para que todos os seus frades poidan ter en abundancia a vida en Cristo que abrazaron. Máis que un texto xurídico é un documento histórico, espiritual, que debe ser encadrado naquel contexto, tendo en conta a intencionalidade con que foi escrito.

A pesar de todo, durante séculos, a Regra foi vista como un texto prevalentemente xurídico con máis de 24 mandatos, 17 consellos, etc.⁷ Chegouse a afirmar que fora “ditada” por Cristo⁸. Ao facer a profesión relixiosa, os frades fan voto de observala, xunto cos tres consellos evanxélicos, e, por tanto, considerábase pecado mortal o transgredir os preceptos que nela se identificaron. O “Werkbuch zur Regel des Heiligen Franciskus”, publicado en Alemaña o ano 1955, “pode ser considerado como o primeiro intento serio e orgánico de explicar a Regra desde outros parámetros distintos aos esquemas xurídicos tradicionais”⁹.

110

O Concilio Vaticano II promoveu un estilo de vida relixiosa máis fraterno e deixou de interpretar os textos legislativos con mentalidade casuística, para os ler á luz daquilo que os fundadores viviran e quixeran expresar. Neste novo contexto, a Regra franciscana deixa de ser vista prevalentemente como unha normativa, para poñela en relación co dinamismo vital e fraterno que ela propón e impulsa.

A primeira parte deste artigo presenta a Regra como o camiño vital que leva os franciscanos a “observar” o Evanxeo. A autoridade debe estar ao servizo dese proceso vital (2ª parte) e, por tanto, os “ministros e servos”

⁷ O Papa Clemente V identifica 24 preceptos na Rb. CONCILIO DE VIENA, «“Exivi de Paradiso”. Constitución» (6.05.1312), COD 392-401; cf. SEDDA Filippo, «Exivi de Paradiso: la conciliazione di una storia contrastata», en *Frate Francesco* 83/1 (2017) 137-159; RACCA Giorgio, *La Regola dei frati minori*, Porziuncula, Assisi 1986, 15-16. D. I. Velásquez distingue, ademais dos tres votos, 25 preceptos que obrigan baixo pecado mortal (VELÁSQUEZ Daniel Ignacio, *La Regla de los Frailes Menores*, Cali 1949, 29 ss.). Outros elevan o número de preceptos a 28, 39 e ata 61. URIBE F., *La Regla de San Francisco*, 36-37, nota 57.

⁸ Cara ao ano 1325, Ángel Clarena escribía: “Conforme a la revelación que le hizo Cristo, Francisco se retiró al eremitorio de Fonte Colombo... Allí es donde escribió la Regla que le reveló Cristo, no poniendo en ella nada de lo que se le ocurriera a él mismo, sino escribiendo solamente lo que Cristo Jesús le revelaba desde el cielo”. CLARENO Ángel, «Libro de las tribulaciones» citado en DESBONNETS T., *De la intuición a la institución*, 9 (cf. FF 2113-2199/8, aquí 2179) ; cf. BONAVENTURA, «Lenda maior» [LegM] 4,11 (FF 396-510); LP 17 (FF 1563); «Espello de perfección», [Spec], 1 (FF 1677-1825).

⁹ URIBE F., «Comentar hoy la Regla franciscana», en *Collectanea Franciscana* 76 (2006) 119-160, aquí 120.